

CERTIFICACIÓN

Concepción Vilas Cantelar, secretaria accidental do Concello de Ames (A Coruña)

Certifico: Que a Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria celebrada o día 10 de maio de 2024, adoptou, entre outros, o acordo que copiado é do teor literal seguinte:

PUNTO SEGUNDO. APROBACIÓN DA CONVOCATORIA E DAS BASES DE AXUDAS PARA A ADQUISICIÓN DE LIBROS DE TEXTO E MATERIAL ESCOLAR DESTINADAS AO ALUMNADO INTEGRADO EN UNIDADES FAMILIARES EMPADROADAS NO CONCELLO DE AMES E MATRICULADOS NUN CENTRO DE ENSINO SOSTIDO CON FONDOS PÚBLICOS, NO NIVEL DE SEGUNDO CICLO DE EDUCACIÓN INFANTIL DO CONCELLO DE AMES, CURSO 2023-2024. EXPEDIENTE GD 6665/2024

Dentro do Plan Estratéxico de Subvencións para o período 2023-2025, tras a terceira modificación aprobada polo Pleno en sesión do 25.04.2024, está prevista dentro das subvencións en materia de Educación a de axudas de libros, cun importe para o exercicio 2024 de 7.500 euros.

Figura no expediente proposta de inicio subscrita pola concelleira delegada de Educación, Carmen Porto Rey. Figura providencia da Alcaldía de inicio de expediente.

Figura informe de Secretaría sobre a lexislación aplicable e o procedemento a seguir.

Figura informe proposta de bases da técnica municipal de Educación e informe de fiscalización favorable da Intervención Municipal (informe 209/2024 do 03.05.2024).

Por todo o exposto, a Xunta de Goberno Local, previa delegación do alcalde (decreto 1983/2023 BOP nº 120 do 26.06.2023), por unanimidade dos seus membros presentes, adopta os seguintes acordos:

Primeiro. Aprobar a convocatoria de concesión de axudas para a adquisición de libros de texto e material escolar destinadas ao alumnado integrado en unidades familiares empadroadas no Concello de Ames, sempre que os/as alumnos/as estean matriculados durante o curso 2023/2024 nalgún curso de educación infantil (2º ciclo), nun centro sostido con fondos públicos.

Segundo. Aprobar as bases reguladoras da convocatoria, que figuran como Anexo I deste acordo.

Terceiro. Aprobar o gasto por importe de 7.500,00 euros con cargo á aplicación orzamentaria 3261.48004 do orzamento municipal en vigor.

Cuarto. Publicar o presente acordo seguindo o procedemento establecido no artigo 20.8 da Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS), a través do envío do estrato da convocatoria á Base Nacional de Subvencións quen o remitirá ao BOP. As bases publicaranse integralmente na páxina web do Concello de Ames.

O prazo para a presentación das solicitudes será de 30 días naturais dende a publicación do estrato da convocatoria no BOP. En caso de rematar nun día inhábil, este prazo entenderase prorrogado ata o inmediato hábil seguinte.

Quinto. Dar traslado deste acordo aos departamentos municipais afectados aos efectos oportunos

Sexto. Facultar ao alcalde do Concello de Ames, para cantas actuacións de trámite sexan precisas para a mellor execución do acordado.

ANEXO I

BASES REGULADORAS DA CONVOCATORIA DE SUBVENCIÓNS PARA A ADQUISICIÓN DE LIBROS DE TEXTO E MATERIAL ESCOLAR DESTINADOS A ALUMNADO DE 2º CICLO DE EDUCACIÓN INFANTIL. CURSO 2023/2024

Datos do programa:

Concellaría	Educación
Anualidade	2024
Denominación	Subvencións para a adquisición de libros de texto e material escolar destinados a alumnado de 2º ciclo de educación infantil. Curso 2023/2024
Beneficiarios	Alumnado integrado en unidades familiares empadroadas no Concello de Ames, sempre que os/as alumnos/as estean matriculados durante o curso 2023/2024 nalgún curso de educación infantil (2º ciclo), nun centro sostido con fondos públicos
Aplicación orzamentaria	3261.480.04
Importe da convocatoria	7.500,00 €
Importe da subvención que se vai conceder	Máximo de 120,00 € por neno/a.
Coeficiente de financiamento	Máximo do 80%

BASE 1.- OBXECTIVOS DA CONVOCATORIA

Esta convocatoria ten por obxecto establecer os criterios e procedementos para a concesión de subvencións destinadas ao financiamento dos gastos efectuados durante o período comprendido dende o 1 de agosto de 2023 e o día en que finalice o prazo de presentación das solicitudes, en libros de texto e material escolar polo alumnado integrado en unidades familiares empadroadas no Concello de Ames, sempre que os alumnos estean matriculados durante o curso 2023/2024 nalgún curso de educación infantil (2º ciclo), nun centro sostido con fondos públicos, de acordo cos principios de obxectividade, concorrencia e publicidade, conforme a disposto na Lei 7/1985, de 2 de abril reguladora das Bases do réxime local, na Lei 5/1997, do 22 de xullo, reguladora da Administración local de Galicia, na Lei 38/2003, de 17 de novembro Xeral de subvencións e no Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo polo que se aproba o seu Regulamento, na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia e no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro polo que se aproba o seu Regulamento, así como no Decreto de 17 de xuño de 1955, polo que se aproba o Regulamento de servizos das corporacións locais.

A través da presente convocatoria, desde a Concellaría delegada de Educación propónse a consecución dos seguintes obxectivos:

1.1 OBXECTIVOS ESTRATÉXICOS, OU DE PRIMEIRO NIVEL.

- Propiciar que a poboación escolar integrada en familias con menos recursos dispoña do material educativo preciso para o normal desenvolvemento da súa aprendizaxe, centrando o esforzo orzamentario na educación infantil, por ser esta a franxa de idade non cuberta pola Xunta de Galicia.

1.2 OBXECTIVOS INSTRUMENTAIS, OU DE SEGUNDO NIVEL.

Para a consecución dos obxectivos estratéxicos, establécense as seguintes liñas de actuación, ou obxectivos de segundo nivel:

- A colaboración financeira na compra dos libros de texto e demais material didáctico precisos para o normal

desenvolvemento da actividade académica.

BASE 2.- RÉXIME XURÍDICO

O marco normativo polo que se rexerán as subvencións concedidas polo Concello de Ames está constituído polas leis e disposicións que se citan a continuación e polas súas normas de desenvolvemento, así como por cantas outras normas, legais ou regulamentarias, que conteñan prescricións relativas ás subvencións ou sexan susceptibles de produciren efectos no devandito ámbito:

- Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e o Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o seu regulamento.
- Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.
- Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia.
- Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas.
- Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.
- Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística.
- Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais.
- Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes.
- Decreto legislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade.
- Regulamento (UE) nº 1407/2013, da Comisión, do 18 de decembro, relativo á aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de funcionamento da Unión Europea ás axudas de minimis.
- Bases de execución do orzamento vixente do Concello de Ames.
- Ordenanza de impulso do uso do galego no Concello de Ames do 1 de xullo de 2006, BOP núm. 198 do 29 de agosto de 2006.

BASE 3.- OBXECTO

Esta convocatoria ten por obxecto establecer os criterios e procedementos para a concesión de subvencións destinadas ao financiamento dos **gastos efectuados** durante o período comprendido dende o 1 de agosto de 2023 e o día en que finalice o prazo de presentación das solicitudes **en libros de texto e material escolar polo alumnado integrado en unidades familiares empadroadas no Concello de Ames, sempre que os alumnos estean matriculados durante o curso 2023/2024 nalgún curso de educación infantil (2º ciclo), nun centro sostido con fondos públicos.**

BASE 4.- FINANCIAMENTO

O importe da consignación ascende a un total de 7.500,00 €, con cargo á aplicación orzamentaria 3261.480.04 do orzamento ordinario para 2024.

O importe individual das subvencións concedidas ao abeiro desta convocatoria non poderá superar os cento vinte euros (120,00 €) por neno/a.

BASE 5.- BENEFICIARIOS

Os/as beneficiarios/as deberán cumprir os requisitos tanto de carácter xeral como de carácter específico recollidos nesta base.

5.1. Requisitos xerais

Os/as beneficiarios/as de subvencións convocadas polo Concello de Ames deberán cumprir en todo caso os seguintes requisitos:

- a) Non estar incurso/a en ningún dos supostos aos que se refiren os apartados 2 e 3 do artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións
- b) Estar ao corrente das obrigas coa Axencia Tributaria, coa Seguridade Social e co Concello de Ames.

Todos os membros da unidade familiar deberán estar ao corrente no cumprimento das súas obrigas ca Axencia Estatal da Administración Tributaria e coa Seguridade Social; así mesmo, deberán estar ao corrente das súas obrigas co Concello de Ames.

- c) *Non ter pendente a xustificación dalgunha subvencións anterior, a non ser que lles fose concedida unha prórroga.*

Ningún membro da unidade familiar pode ter pendente de xustificación ningunha subvención anterior.

5.2. Requisitos específicos da convocatoria

Poderán ser beneficiarios/as das subvencións obxecto da presente convocatoria os pais e nais -ou titores legais- dos nenos e nenas matriculados no curso escolar 2023/2024 nun centro de ensino sostido con fondos públicos, no nivel de Educación Infantil (2ª Etapa, de 3 a 5 anos) que cumpran os seguintes requisitos:

- A unidade familiar deberá estar empadroada e residir de modo efectivo no Concello de Ames no momento da solicitude.*
- As/os alumnas/os para os que se solicita as axudas deben estar matriculados no curso escolar 2023/2024 en centros de ensino sostidos con fondos públicos no nivel de Educación Infantil (2ª Etapa, de 3 a 5 anos).*
- A renda per cápita da unidade familiar, computando os ingresos percibidos por todos os seus integrantes no exercicio fiscal 2022, non pode ser superior ao 100 % do IPREM anual con pagas extraordinarias. O IPREM anual (14 pagas) fixado para o exercicio 2022 é de 8.106,28 €.*

Para a determinación da renda per cápita sumaranse os ingresos anuais de todos os membros da unidade familiar maiores de idade, e dividirase entre o número de membros que formen a unidade familiar.

5.3. Membros computables da unidade familiar

Para o previsto nestas bases considérase que compoñen a unidade familiar::

- Os pais non separados legalmente e, no seu caso, o titor ou persoa encargada da garda e protección do menor.*
- Os/as fillos/as menores de idade con excepción dos emancipados que convivan no domicilio familiar. Terán a mesma consideración que os/as fillos/as as persoas en situación de tutela ou acollemento familiar permanente o u preadoptivo legalmente constituído.*
- Os/as fillos/as maiores de idade discapacitados ou incapacitados xudicialmente, sempre que estean suxeitos á patria potestade prorrogada ou rehabilitada.*
- Os/as fillos/as menores de 25 anos que convivan no domicilio familiar a 31 de decembro do ano inmediato anterior a aquel no que comeza o curso escolar para o que se solicita a axuda, sempre que non tiveran un contrato de traballo ou perciban recursos (agás bolsas), durante o ano inmediato anterior. A estes efectos, no caso de fillos maiores de 18 anos, terase en conta o seguinte:*
 - Considérase que ten contrato se os ingresos alcanzan o 100% do IPREM anual con pagas extras fixado para o exercicio 2022.*
 - Só serán computados os seus ingresos, e computará como membro da unidade familiar, se os seus ingresos son inferiores ao 100% do IPREM anual con pagas extras fixado para o exercicio 2022.*
- Cando non exista vínculo matrimonial, a unidade familiar entenderase constituída polo pai, a nai e e todos os fillos dos pais que convivan con eles e reúnan os requisitos do apartado anterior.*
- No caso de proxenitores separados legalmente ou divorciados con custodia compartida considerarase que forman unha unidade familiar cos fillos que teñen en común.*
- No caso de separación, divorcio ou ruptura do vínculo non matrimonial, non se considerará membro da unidade familiar aquel que non conviva co solicitante, agás no caso de custodia compartida. En cambio, si terá a consideración de membro computable o novo cónxuxe ou persoa unida ao pai/nai e que si conviva co solicitante. A separación, divorcio ou ruptura do vínculo non matrimonial acreditarase mediante sentenza xudicial que determine a mesma, baixa no correspondente rexistro de parellas de feito, e convenio regulador onde conste a custodia do menor.*

A estes efectos, considéranse tamén membros da unidade familiar os/as fillos/as dun dos proxenitores que non convivan na unidade, pero polo que este estea a abonar unha pensión alimenticia, sempre que resulte acreditado o pagamento da mesma.
- A separación transitoria motivada por razóns de estudo, traballo, tratamento médico ou outras causas similares, non rompe a convivencia a estes efectos, sempre que conste o empadroamento xunto co resto da unidade familiar.*

BASE 6.- GASTOS SUBVENCIONABLES

6.1. Gastos subvencionables

Poderán ser subvencionados, ata un máximo do 80% do orzamento total, os gastos derivados da adquisición de libros de texto, materiais curriculares e demais material didáctico

6.2. Ámbito temporal

Os gastos obxecto de subvención deberon efectuarse **no período comprendido entre o 1 de agosto de 2023 e o día en que finalice o prazo de presentación das solicitudes.**

BASE 7.- COMPATIBILIDADES E EXCLUSIÓNS

As subvencións concedidas ao abeiro desta convocatoria son compatibles con outras que puideran obter as entidades beneficiarias doutras administracións públicas, sempre e cando o importe total do conxunto das axudas non supere o custo da actividade ou o investimento subvencionado.

Sen prexuízo do anterior, as actividades para as que se solicite esta subvención non poderán acollerse a outras convocatorias do Concello de Ames.

BASE 8.- PUBLICIDADE DA CONVOCATORIA E PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

8.1. Publicidade da convocatoria

O extracto da convocatoria publicarase no Boletín Oficial da Provincia da Coruña previa remisión do mesmo á Base de Datos Nacional de Subvencións, de conformidade co establecido nos artigos 17.3.b e 20.8 da Lei 38/2003, do 17 de novembro Xeral de Subvencións.

As bases xunto coa convocatoria desta subvención publicaranse na páxina web do Concello de Ames e remitiranse tamén á Base de Datos Nacional de Subvencións.

8.2. Prazo de presentación

O prazo para presentar as solicitudes será de **TRINTA (30) DIAS NATURAIS** a contar desde o día seguinte ao da publicación do estrato da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia da Coruña. En caso de rematar nun día inhábil, este prazo entenderase prorrogado ata o inmediato hábil seguinte.

8.3. Lugar de presentación

A solicitude, xunto coa documentación que corresponda, poderá presentarse:

- No Rexistro telemático a través da sede electrónica do concello (<https://sede.concellodeames.gal/GDCarpetaCiudadano/welcome.do>)
- Nas oficinas de asistencia en materia de rexistro do Concello de Ames localizadas na casa do Concello en Bertamiráns e na oficina municipal do Milladoiro.
- A través de calquera outro dos medios ao que se refira o artigo 16 da Lei 39/2015 do 1 de Outubro de Procedemento Administrativo Común das AAPP.

8.4. Documentación

As solicitudes deberán achegarse nos modelos normalizados que figuran como anexos ás presentes bases:

ANEXO 1	Solicitud de subvención <i>Xunto con este anexo, <u>os solicitantes deberán achegar a seguinte documentación:</u></i> <ul style="list-style-type: none">• Documento de identidade do solicitante.• Libro de Familia e, no seu caso sentenza que estableza as medidas paterno-filiais.• Documento bancario onde indique o IBAN da conta na que haxa de efectuarse o ingreso da subvención e o titular da mesma. O titular da conta deberá coincidir co titular da solicitude da axuda.• En caso de non autorizar ao Concello para a consulta directa da súa situación tributaria, deberá aportarse:<ul style="list-style-type: none">• Certificados de imputación de rendas correspondente ao exercicio 2022, expedido pola Axencia Tributaria, referidos a todos os membros da unidade familiar maiores de idade.• Certificado de non existencia de débedas coa AEAT, referido a todos os membros da unidade familiar maiores de idade.• Certificado de non existencia de obrigas coa Seguridade Social, referidos a todos os membros da unidade familiar maiores de idade.
----------------	--

	<ul style="list-style-type: none"> • Certificado de non existencia de débedas en executiva co Concello de Ames, referido a todos os membros da unidade familiar maiores de idade
ANEXO 2	Certificado de matrícula no centro de ensino
ANEXO 3	Declaración responsable do solicitante
ANEXO 4	Memoria xustificativa

Estes anexos poderán obterse nas dependencias do Departamento de Educación, así coma na páxina web do Concello (www.concellodeames.gal).

Calquera que sexa a forma de presentación das solicitudes, só se poden presentar copias auténticas da documentación requirida.

Para a **comprobación de datos tributarios dos membros da unidade familiar** é necesario que todos os membros da unidade familiar maiores de idade asinen a autorización de solicitude de datos tributarios á axencia tributaria do exercicio 2022. No caso de presentarse a solicitude mediante rexistro telemático terá que vir **asinada electronicamente por todos os membros** da unidade familiar **maiores de idade**.

Deberá presentarse solicitude para cada ocasión ou exercicio no que se pretenda obter unha axuda. O feito de presentar unha solicitude para un exercicio non implicará que se considere presentada para exercicios posteriores.

BASE 9.- COMPROMISOS E OBRIGAS DOS/DAS BENEFICIARIOS/AS

9.1. Compromisos e obrigas xerais

As entidades beneficiarias das subvencións obxecto desta convocatoria estarán obrigadas a:

- Cumprir a finalidade e os obxectivos, executar o proxecto, realizar a/as actividade/s ou adoptar o comportamento que fundamenta a concesión da subvención.*
- Empregar os fondos percibidos nos fins e na finalidade para a que foron outorgados.*
- Xustificar debidamente a cantidade percibida.*
- Comunicar por escrito e motivadamente no prazo máximo dun mes desde a notificación /publicación da concesión da subvención calquera modificación dos datos identificativos do proxecto ou dos aspectos substanciais dos obxectivos do mesmo, para a súa aprobación.*
- Proporcionar ao servizo xestor e instructor do expediente a información funcional, económica e estatística que se lle requira a efectos do seguimento, avaliación e planificación, así coma facilitar a realización de cantas visitas de recoñecemento se consideren necesarias.*
- Facilitar a verificación da realización e xestión do proxecto, actuación ou actividade obxecto de subvención a calquera responsable da xestión e/ou instrución do procedemento a través dos medios que se consideren máis axeitados.*
- Comunicar ao órgano concedente a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera outra Administración Pública, entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, que financien as actividades ou proxectos subvencionados. Esta comunicación deberá efectuarse tan pronto como se teña coñecemento de ditas circunstancias e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.*
- Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, en tanto poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control.*
- Reintegrar os fondos percibidos nos supostos que procedan.*
- Empregar no exercicio das súas actividades unha linguaxe non sexista, unha comunicación inclusiva e non empregar a imaxe das mulleres como reclamo ou con connotacións de tipo sexual ou denigratorio, segundo o que dispón o Decreto Legislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia sobre Igualdade.*
- Cando as actividades afecten a menores de idade o persoal ao que corresponda a realización das mesmas cumprirá o requisito previsto no artigo 57 da Lei Orgánica 8/2021, do 4 de xuño, de protección integral á infancia e á adolescencia fronte á violencia.*

9.2. Compromisos e obrigas específicos desta convocatoria

a) Difusión do carácter público do financiamento. Os beneficiarios deberá dar a axeitada publicidade do carácter público do financiamento de programas, actividades, investimentos ou actuacións de calquera tipo que sexan obxecto de subvención, unha vez comunicada a resolución da concesión conforme ao establecido na Lei Xeral de Subvencións.

As medidas de difusión poderán consistir na inclusión da imaxe institucional do Concello, así como lendas relativas ao financiamento público en carteis, placas conmemorativas, materiais impresos, medios electrónicos ou audiovisuais, ou ben en mencións realizadas en medios de comunicación.

Cando o programa, actividade, investimento ou actuación gozase doutras fontes de financiamento e o beneficiario viñese obrigado a dar publicidade desta circunstancia, os medios de difusión da subvención concedida, así como a súa relevancia, deberán ser análogos aos empregados respecto das outras fontes de financiamento.

BASE 10.- PROCEDEMENTO DE CONCESIÓN

A concesión da subvención realizarase en réxime de concorrencia competitiva.

10.1. Instrución

1. A instrución do procedemento de concesión das subvencións corresponde á Concellaría delegada en materia de Educación, que terá o carácter de órgano instructor aos efectos indicados na normativa reguladora das subvencións públicas.
2. O órgano instructor realizará de oficio cantas actuacións estime necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación dos datos en virtude dos cales se debe formular a proposta de resolución.
3. De conformidade co disposto no artigo 24.3 da Lei Xeral de Subvencións, as actividades de instrución comprenderán as que se indican a continuación:
 - Petición de cantos informes estime necesarios para resolver ou que sexan esixidos por esta convocatoria específica e as demais normas que regulan esta subvención.
 - Avaliación das solicitudes ou peticións, efectuadas de conformidade cos criterios, formas e prioridades de valoracións establecidos na base seguinte.
4. Se a solicitude de subvención non reúne os requisitos establecidos por esta convocatoria, incluído o defecto, erro ou ausencia nos datos da solicitude e/ou na documentación presentada, o órgano instructor requirirá ao interesado para que emende a falta ou achegue os documentos preceptivos, no prazo máximo de 10 días hábiles, indicándolle que se non o fixera se lle terá por desistido da súa solicitude, previa resolucións que deberá ser ditadas nos termos previstos no artigo 68 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Sen prexuízo do disposto no parágrafo anterior, en calquera fase do procedemento anterior á proposta de resolución, poderase requirir á entidade ou agrupación solicitante que achegue a información e documentación aclaratoria e complementaria que se considere conveniente para a correcta definición, avaliación e comprobación da solicitude presentada.

5. O órgano instructor deberá emitir informe no que conste que da información que obra no seu poder se desprende que os beneficiarios cumpren todos os requisitos necesarios para acceder ás subvencións reguladas nesta convocatoria.
6. O órgano instructor, á vista do expediente e do informe da Comisión Avaliadora, formulará a proposta de resolución debidamente motivada.

10.2. Comisión avaliadora

1. A Comisión Avaliadora estará integrada polos seguintes membros:

Presidente/a:	- A persoa titular da Alcaldía
Vogais	- A persoa titular da Concellaría delegado da Área de Educación - O/A técnico/a municipal de educación do Concello de Ames, que actuará tamén como secretario/a da comisión.

2. A Comisión Avaliadora deberá facer unha valoración e asignación de puntos a cada solicitude presentada, aplicando os criterios de valoración establecidos no apartado seguinte (10.3)

10.3 Criterios de valoración das solicitudes

O único criterio a considerar será a renda per cápita familiar dos solicitantes, de acordo co indicado na base 5.2.

O anterior deberá entenderse sen prexuízo dos casos en que os Servizos Sociais Municipais consideren que unha solicitude deba ser atendida en función da evolución desfavorable experimentada polo beneficiario desde o ano empregado para a valoración da situación económica (2022) ata o momento de formular a solicitude. Neste caso, o beneficiario resultará encadrado na primeira das categorías indicadas na base 10ª, correspondéndolle como máximo a contía resultante de aplicar o coeficiente de financiamento sobre o gasto que validamente houbera xustifico, non podendo superar en ningún caso a contía máxima de dita categoría (120,00 €).

A Comisión ordenará a totalidade de solicitudes presentadas en base aos anteriores criterios, procedendo á asignación individual de contías e ao coeficiente de financiamento, co límite do crédito da convocatoria. En caso de que este non resulte suficiente para atender todas as solicitudes presentadas, o importe dispoñible destinarase a atender, en primeiro lugar, as correspondentes aos beneficiarios de menor capacidade económica.

A tal fin, as solicitudes serán atendidas en atención á capacidade económica dos beneficiarios. E en caso de empate, tendrán preferencia as unidades familiares con maior número membros.

10.4 Determinación do importe da subvención concedida

Coeficiente de financiamento

Como máximo subvencionarase o 80 % do orzamento subvencionable.

O **coeficiente de financiamento (CF)** é o cociente existente entre a subvención concedida e o orzamento subvencionado, expresado en porcentaxe.

Enténdese por orzamento subvencionado o gasto total para o que se pretenda a subvención, segundo conste na solicitude formulada:

$$CF (\%) = \frac{\text{Importe da subvención concedida}}{\text{Importe total do gasto solicitado}}$$

O coeficiente de financiamento será aplicado sobre o gasto validamente xustifico, co fin de determinar o importe final da achega que lle vaia corresponder á entidade beneficiaria.

En consecuencia, para percibir o importe íntegro da subvención que corresponda, o/a beneficiario/a deberá xustificar, como mínimo, un gasto polo importe da subvención que lle corresponda incrementado nun 20%.

Contía individualizada

As subvencións a conceder ao abeiro desta convocatoria ascenderán aos seguintes importes:

Renda per cápita da unidade familiar	Importe máximo da achega
Menos do 50% do IPREM	120 €
Do 50% ata 75% IPREM	100 €
Do 75% ata 100% IPREM	80 €

A reformulación de solicitudes a que se refire o artigo 27 da LXS e o artigo 61 do seu regulamento de desenvolvemento, será automática, de modo que si o importe da subvención outorgada é inferior ao solicitado polo beneficiario, o orzamento subvencionado que debe ser obxecto de xustificación determinarase dividindo a contía da subvención outorgada polo coeficiente de financiamento proposto polo beneficiario na súa solicitude.

A estes efectos, os ingresos da unidade familiar virán determinados do seguinte xeito:

- Polo importe que figure na parte xeral da base imponible do IRPF (Suma da base imponible xeral e base imponible do aforro)
- De non existir obriga de presentar a declaración do imposto, os ingresos determinarase a partir da información facilitada pola AEAT (rendementos + ganancias patrimoniais - gastos deducibles)

10.5. Resolución

Logo da preceptiva fiscalización do órgano interventor sobre a proposta realizada polo servizo instrutor, a Alcaldía ou o órgano a favor do cal a Alcaldía efectuase a correspondente delegación, ditará resolución definitiva.

A resolución de concesión deberá conter a relación das solicitudes estimadas, desestimadas, desistidas e non admitidas a trámite.

As resolucións que estimen as solicitudes expresarán en relación con cada unha delas o obxecto da subvención outorgada, a contía concedida, o coeficiente de financiamento correspondente e o orzamento subvencionado. As que desestimen as solicitudes ou non as admitan a trámite motivarán debidamente esta circunstancia.

A falta de resolución expresa en prazo implicará a desestimación da solicitude de subvención, sen prexuízo do indicado no artigo 24 da Lei 39/2015, de 1 de outubro do Procedemento administrativo común das administracións públicas.

10.6. Prazo de resolución e notificación

A súa resolución notificaráselle a todos os solicitantes no prazo máximo de 9 meses desde o remate do prazo de presentación de solicitudes, expresando, de xeito motivado, se foi desestimada ou estimada a solicitude, para os efectos de posibles recursos.

A notificación efectuarase nos termos establecidos no artigo 42 da lei 39/2015 do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas.

10.7. Recursos

A resolución ditada porá fin á vía administrativa e contra a mesma caberá interpor ben recurso contencioso-administrativo, ou ben, potestativamente e con carácter previo a este, recurso de reposición ante o mesmo órgano que a ditou. A presentación do recurso de reposición poderá efectuarse no prazo sinalado no artigo 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas (un mes desde a notificación da resolución de concesión da subvención). A interposición do recurso contencioso administrativo poderá efectuarse no prazo indicado no artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición Contencioso-administrativa (dous meses desde a notificación da resolución de concesión da subvención).

10.8. Aceptación ou renuncia á subvención

No prazo de dez (10) días naturais seguintes ao da notificación da resolución, os/as beneficiarios/as das subvencións deberán comunicarlle ao Concello de Ames, por escrito, a aceptación ou renuncia á mesma. Se transcorrido ese prazo non se fixese manifestación expresa en ningún sentido, entenderase tacitamente aceptada a subvención concedida.

BASE 11.- XUSTIFICACIÓN E PAGAMENTO

11.1. Importe a xustificar

O importe a xustificar será igual ao da subvención concedida incrementada nun 20%.

11.2. Prazo de xustificación

Tendo en conta o especial carácter desta convocatoria, na que o período de execución do gasto remata o mesmo día que o de presentación das solicitudes de participación no procedemento, **a documentación xustificativa, acreditativa da realización do gasto efectuado, deberá presentarse xunto ca solicitude de achega.**

O prazo de xustificación finalizará o mesmo día en que remate o prazo de presentación de solicitudes. En virtude da natureza da convocatoria, este prazo non será prorrogable.

11.3. Documentación xustificativa

A obriga de xustificar a achega concedida deberá cumprirse mediante a presentación da correspondente MEMORIA XUSTIFICATIVA, de acordo co modelo que se recolle como ANEXO III destas bases, á que se engadirán as facturas de gasto e demais documentos de valor probatorio equivalentes no tráfico xurídico mercantil.

Deberán achegarse os orixinais das facturas ou xustificantes do gasto que deberán ir acompañados da documentación acreditativa do pago. No xustificante bancario deberá constar, ademais do emisor e receptor do pagamento, o número de factura obxecto do pagamento e a data do mesmo.

Para os efectos do indicado no artigo 31 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, considerarase gasto efectivamente realizado o documentado segundo o indicado no parágrafo anterior. **É requisito necesario o seu aboamento con anterioridade á finalización do período de xustificación que se indica nesta base.**

Os beneficiarios/as das subvencións deben utilizar, con carácter xeral, formas de pagamento a terceiros que poidan acreditarse documentalmente (tarxetas bancarias de crédito ou débito, talóns nominativos, transferencias bancarias..) e só excepcionalmente poderán utilizar o pagamento en metálico cando non sexa posible outra forma alternativa (peaxe de autoestrada, tiquets de aparcadoiro, etc) e en todo caso para gastos non superiores a 150€.

Para facilitar o control da concorrencia de outras subvencións outorgadas coa mesma finalidade as facturas e demais xustificantes de gasto que se presenten deben ser orixinais. Estes documentos estampillaranse polo beneficiario antes da súa presentación electrónica coa seguinte mención “**documento empregado para xustificar unha subvención ante o Concello de Ames na convocatoria de subvencións para a adquisición de libros de texto e material escolar destinados a alumnado de 2º ciclo de educación infantil. Curso 2023/2024**” indicando o importe afectado pola subvención. Non se aceptarán aqueles documentos xustificativos do gasto nos que non conste a estampilla correspondente.

11.4. Tramitación da xustificación

Para os efectos de xustificar os gastos e coa finalidade de exceptuar o art. 31.2 da Lei xeral de subvencións, entenderase que o gasto está realizado coa achega da documentación sinalada no apartado anterior.

Á vista da documentación xustificativa presentada e logo do informe previo da unidade xestora acreditativo de que da información que consta no seu poder se deriva que os beneficiario/as achegaron a totalidade de documentación xustificativa esixida e despois da súa fiscalización, o órgano competente valorará o cumprimento das actividades ou investimentos subvencionados.

Se a documentación é correcta, procederase á aprobación da xustificación e ao pagamento da subvención.

En caso de que a documentación xustificativa fora incorrecta ou insuficiente, o órgano xestor formulará o correspondente requirimento, con advertencia de que de non proceder á emenda das eivas advertidas no prazo de dez días hábiles, consideraráselle desistido do procedemento, ditándose a resolución de perda do dereito ao cobro, que será notificada ao/á interesado/a.

Para o pagamento da subvención, terase en conta que, no caso de que se xustifique gasto inferior ao 100% da achega concedida, aboarase o importe efectivamente acreditado na xustificación unha vez aplicado o coeficiente de financiamento (80%) a dito importe.

En aplicación destes criterios, o informe emitido polo órgano xestor indicará o importe da subvención inicialmente concedida que proceda aboar ao solicitante da subvención.

Completada a documentación e emitido o informe proposta favorable ao pagamento, no que se concrete o importe da subvención inicialmente concedida que proceda aboar ao/á beneficiario/a, o expediente será remitido ao órgano interventor, para o efecto de que se emita o preceptivo informe de fiscalización previo á aprobación da xustificación e pagamento.

11.5. Xustificación extemporánea

Unha vez transcurrido o prazo de xustificación sinalado nas bases sen que o/a beneficiario/a presente a documentación xustificativa, a unidade xestora requirirá para que a presente no prazo improrrogable de 15 días desde a notificación, advertíndolle que, noutro caso, perderá o dereito ao cobro, sen prexuízo das responsabilidades dispostas na Lei Xeral de Subvencións.

11.6. Pagamento

O pagamento farase efectivo unha vez comprobado o cumprimento dos requisitos indicados nas bases reguladoras e realizarase, con carácter xeral, nun pago único.

Logo do preceptivo informe de fiscalización do órgano interventor, ditarase a resolución de aprobación da conta xustificativa ou, se é o caso, de anulación e perda do dereito ao cobro.

Emitida resolución de pagamento, a tesourería preparará a orde de transferencia correspondente a prol da conta bancaria designada polo/a beneficiario/a.

No caso de non estar ao corrente nas súas obrigas coa Facenda Pública, Seguridade Social e Concello de Ames advertirase ao/á beneficiario/a de que non se procederá ao pagamento e concederáselle un prazo de 3 meses para xustificar que ten regularizada a súa situación. De non presentar a xustificación no indicado prazo declararase a perda do dereito á subvención outorgada.

BASE 12.- REINTEGRO DA SUBVENCIÓN

As subvencións serán reintegradas nos supostos previstos no artigo 37 da Lei 38/2003 de 17 de novembro.

BASE 13.- RÉXIME SANCIONADOR

O beneficiario/a quedará sometido ás responsabilidades e réxime sancionador disposto na Lei Xeral de Subvencións e, se é o caso, ao disposto no Código Penal.

Será de aplicación o réxime sancionador previsto no Título IV da Lei 38/2003, xeral de subvencións.

BASE 14.- ÓRGANOS DE CONTROL DAS SUBVENCIÓNS CONCEDIDAS

As entidades beneficiarias de subvencións concedidas polo Concello quedarán obrigadas a someterse aos

procedementos de controis ou auditoría que realicen polos seus propios medios ou a través de empresas colaboradoras a Intervención municipal, o Consello de Contas de Galicia, o Tribunal de Contas e calquera outro órgano de control interno ou externo, nacional ou europeo.

BASE 15.- CONTROL POSTERIOR POLA INTERVENCIÓN MUNICIPAL

O control posterior das subvencións concedidas axustarase ao que cada ano se recolla no Plan Anual de Control Financeiro aprobado polo órgano interventor.

DISPOSICIÓN ADICIONAL PRIMEIRA.- PUBLICACIÓN DAS SUBVENCIÓNS CONCEDIDAS E INCORPORACIÓN AO REXISTRO PUBLICO DE SUBVENCIÓNS

Para os efectos da salvagarda do dereito dos participantes na presente convocatoria á protección dos seus datos de carácter persoal, nos termos previstos na Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais, faise constar que os datos das subvencións concedidas quedarán incorporados ao rexistros público de subvencións, nos seguintes termos:

- En cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, Xeral de Subvencións e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación dos beneficiarios/as serán remitidas á Intervención Xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, ca exclusiva finalidade prevista en dito precepto.

Do mesmo xeito, e por aplicación do disposto no artigo 18 do RD 887/06, advírtese que o Concello de Ames publicará as subvencións concedidas, expresando na mesma o nome ou razón social do beneficiario/a, número de identificación fiscal, finalidade ou finalidades da subvención con expresión, no seu caso, dos distintos programas ou proxectos subvencionados e cantidade concedida.

DISPOSICIÓN ADICIONAL SEGUNDA.- PROTECCIÓN DE DATOS

O responsable do tratamento dos datos persoais que consten no expediente de convocatoria destas axudas é o Concello de Ames. Os datos serán tratados coa finalidade específica, da convocatoria de axudas para a promoción de actividades levadas a cabo por entidades de iniciativa social sen ánimo de lucro para a promoción de actividades complementarias de servizos sociais comunitarios e inclusión social do Concello de Ames no exercicio 2024, de conformidade coa regulación establecida polo Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello sobre protección de datos de carácter persoal, pola Lei orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais e demais disposicións de aplicación.

Conforme ao artigo 6 do Regulamento 2016/679, a lexitimación do tratamento está baseada nunha obriga legal e no interese público.

O prazo de conservación dos datos dependerá do especificado para cada tratamento de datos persoais ou os que legalmente sexan de obrigado cumprimento.

Os datos solicitados unicamente serán obxecto de cesión, no seu caso, previo consentimento da persoa interesada ou de acordo co previsto na citada lexislación.

As persoas cuxos datos persoais sexan tratados polo Concello de Ames poderán exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento e portabilidade, así como opoñerse á toma de decisións individuais automatizadas, incluída a elaboración de perfís, na forma prevista na lexislación vixente sobre a materia, ante o órgano responsable do tratamento dos datos (Concello de Ames). Tamén poderán exercer os seus dereitos ante o/a delegado/a de Protección de Datos do Concello no enderezo electrónico dpd@concellodeames.gal.

DISPOSICIÓN FINAL

Para o non previsto nesta convocatoria serán de aplicación as normas incluídas nas Bases de execución do orzamento xeral do Concello, na Lei 38/2003, xeral de subvencións e no seu Regulamento e na Lei 9/2007 de subvencións de Galicia e no seu Regulamento.

CONVOCATORIA DE AXUDAS PARA A ADQUISICIÓN DE LIBROS DE TEXTO E MATERIAL ESCOLAR DESTINADOS A ALUMNADO DE 2º CICLO DE EDUCACIÓN INFANTIL. CURSO 2023/2024
ANEXO 1
SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN

Nome	
------	--



DNI	
Enderezo	
Localidade	
Teléfono	
Enderezo electrónico	

Tendo coñecemento da liña de axudas convocada polo Concello de Ames para a adquisición de libros de texto e material escolar destinados a alumnado de 2º ciclo de educación infantil. Curso 2023/2024, SOLICITO ao abeiro desta convocatoria a concesión dunha subvención para os gastos que se indican a continuación destinada ás/aos seguintes alumnas/os:

Nome do alumno/a	Centro educativo	Curso

Documentación complementaria que se achega co modelo de solicitude:

- Documento de identidade da/o solicitante.
- Libro de familia e, no seu caso sentenza que estableza as medidas paterno-filiais.
- Documento bancario onde indique o IBAN da conta na que haxa de efectuarse o ingreso da subvención e titular da mesma. O titular da conta deberá coincidir co titular da solicitude da axuda.
- A seguinte documentación, ao non autorizar ao Concello de Ames para a comprobación da situación tributaria da unidade familiar:
1. Certificados de imputación de rendas correspondente ao exercicio 2022, expedido pola Axencia Tributaria, referidos a todos os membros da unidade familiar maiores de idade.
 2. Certificado de non existencia de obrigas coa AEAT, referido a todos os membros da unidade familiar maiores de idade.
 3. Certificado de non existencia de obrigas coa Seguridade Social, referidos a todos os membros da unidade familiar maiores de idade.
 4. Certificado do padrón municipal onde conste toda a unidade familiar empadroada no Concello de Ames.

Ames, _____ de _____ de 2024
A/O solicitante

Información relativa ao tratamento de datos persoais:
<p>O responsable do tratamento dos datos de carácter persoal que poidan constar no expediente é o Concello de Ames. Os datos serán tratados coa finalidade específica das subvencións destinadas á promoción de actividades levadas a cabo por entidades de iniciativa social sen ánimo de lucro para a promoción de actividades complementarias de servizos sociais comunitarios e inclusión social do Concello de Ames, que se contén nas bases polas que se aproba a correspondente convocatoria, de conformidade coa regulación establecida polo Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello sobre protección de datos de carácter persoal, pola Lei orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais e demais disposicións de aplicación.</p> <p>Conforme ao artigo 6 do Regulamento 2016/679, a lexitimación do tratamento está baseada nunha obriga legal e no interese público. O prazo de conservación dos datos dependerá do especificado para cada tratamento de datos persoais ou os que legalmente sexan de obrigado cumprimento. Os datos solicitados unicamente serán obxecto de cesión, no seu caso, previo consentimento da persoa interesada ou de acordo co previsto na citada lexislación.</p> <p>As persoas cuxos datos persoais sexan tratados polo Concello de Ames poderán exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento e portabilidade, así como a opoñerse á toma de decisións individuais automatizadas, incluída a elaboración de perfís, na forma prevista na lexislación vixente sobre a materia, ante o órgano responsable do tratamento dos datos (Concello de Ames). Tamén poderán exercer os seus dereitos ante o/a Delegado/a de Protección de Datos do Concello no enderezo electrónico dgd@concellodeames.gal.</p>

**CONVOCATORIA DE AXUDAS PARA A ADQUISICIÓN DE LIBROS DE TEXTO E MATERIAL ESCOLAR
DESTINADOS A ALUMNADO DE 2º CICLO DE EDUCACIÓN INFANTIL.
CURSO 2023/2024**

ANEXO 2

CERTIFICADO DE MATRÍCULA NO CENTRO DE ENSINO

D / D^a. _____, Secretario/a
do centro _____

CERTIFICO

Que o/a alumno/a _____, está matriculado/a e cursa
integralmente neste centro estudos de _____,
durante o curso 2023/2024.

_____ de _____ de 2024

O/A Secretario/a do centro.

**CONVOCATORIA DE AXUDAS PARA A ADQUISICIÓN DE LIBROS DE TEXTO E MATERIAL ESCOLAR
DESTINADOS A ALUMNADO DE 2º CICLO DE EDUCACIÓN INFANTIL.
CURSO 2023/2024**

ANEXO 3

DECLARACIÓN RESPONSABLE

Nome da/do solicitante

DNI

Aos efectos do previsto no artigo 69 da Lei 39/2015, de procedemento administrativo común das administracións públicas, do artigo 13 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e do artigo 24 do Real decreto

887/06, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei xeral de subvencións e en relación coa convocatoria de subvencións para a adquisición de libros de texto e material escolar destinados a alumnado de 2º ciclo de educación infantil

DECLARACIÓN RESPONSABLE:

a) Que coñezo e acepto as bases da convocatoria e que non estou afectado por causa de incompatibilidade ou incapacidade algunha para percibir subvencións da administración pública.

b) Que me someto ás actuacións de comprobación e á achega da documentación que o Concello de Ames poida acordar para comprobar que as actuacións ás que dedique a subvención, no caso de que me fose concedida, se corresponden cos fins para os que se solicita.

c) Que todos os membros da unidade familiar están ao corrente das obrigas tributarias e coa Seguridade Social. Que o solicitante, así como os abaixo asinantes,

AUTORIZAMOS ao Concello de Ames para comprobar a veracidade da anterior declaración tanto na Axencia Estatal da Administración Tributaria como na Tesourería Xeral da Seguridade Social.

NON AUTORIZAMOS ao Concello de Ames para comprobar a veracidade da anterior declaración tanto na Axencia Estatal da Administración Tributaria como na Tesourería Xeral da Seguridade Social.

No caso de opoñerse á comprobación deberá achegar a documentación necesaria para a xestión do trámite.

d) Que todos os membros da unidade familiar están empadroados no concello de Ames. Que o/a solicitante, así como os abaixo asinantes, únicos integrantes maiores de idade da unidade familiar, AUTORIZAMOS ao Departamento de Educación a facer as comprobacións oportunas que certifiquen dita situación. (NO CASO DE NON OUTORGAR A AUTORIZACIÓN, O/A INTERESADO DEBERÁ APORTAR A CERTIFICACIÓN CORRESPONDENTE).

AUTORIZAMOS ao Departamento de Educación a facer as comprobacións oportunas que certifiquen dita situación.

NON AUTORIZAMOS ao Departamento de Educación a facer as comprobacións oportunas que certifiquen dita situación.

No caso de opoñerse á comprobación deberá achegar a documentación necesaria para a xestión do trámite.

Autorizo a comprobación na AEAT, SS e padrón municipal		Nome e apelidos	DNI	Sinatura
AUTORIZO	NON AUTORIZO			
<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>			
<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>			
<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>			
<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>			
<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>			

No caso de tratarse de menores de idade o consentimento para a comprobación dos datos deberá asinalo o pai, nai ou titor/a legal.

Ames, _____ de _____ de 2024



Total gastos					

Outras subvencións que financiaron estes gastos:

Administración concedente	Importe
Total	

Ames, _____ de _____ de 2024
O/A solicitante.

Información relativa ao tratamento de datos persoais:

O responsable do tratamento dos datos de carácter persoal que poidan constar no expediente é o Concello de Ames. Os datos serán tratados coa finalidade específica das subvencións destinadas á promoción de actividades levadas a cabo por entidades de iniciativa social sen ánimo de lucro para a promoción de actividades complementarias de servizos sociais comunitarios e inclusión social do Concello de Ames, que se contén nas bases polas que se aproba a correspondente convocatoria, de conformidade coa regulación establecida polo Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello sobre protección de datos de carácter persoal, pola Lei orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais e demais disposicións de aplicación.

Conforme ao artigo 6 do Regulamento 2016/679, a lexitimación do tratamento está baseada nunha obriga legal e no interese público. O prazo de conservación dos datos dependerá do especificado para cada tratamento de datos persoais ou os que legalmente sexan de obrigado cumprimento. Os datos solicitados unicamente serán obxecto de cesión, no seu caso, previo consentimento da persoa interesada ou de acordo co previsto na citada lexislación.

As persoas cuxos datos persoais sexan tratados polo Concello de Ames poderán exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento e portabilidade, así como a opoñerse á toma de decisións individuais automatizadas, incluída a elaboración de perfís, na forma prevista na lexislación vixente sobre a materia, ante o órgano responsable do tratamento dos datos (Concello de Ames). Tamén poderán exercer os seus dereitos ante o/a Delegado/a de Protección de Datos do Concello no enderezo electrónico dgd@concellodeames.gal.

E para que conste, para os efectos oportunos, expido a presente co visto e prace do alcalde, en Ames, a 10.05.2024, e coa advertencia de que non foi aprobada aínda a acta da sesión correspondente.

Vº e prace

O alcalde

José Blas García Piñeiro

A secretaria accidental

Concepción Vilas Cantelar